

BASES XERAIS DE COMPETICIÓNS INDOOR INFANTIL E CADETE

INTRODUCCIÓN:

As presentes Bases de Competición teñen como obxectivo regularas competicións oficiais organizadas por esta Federación, tendo en conta as propostas e modificacións aprobadas pola Asemblea como órgano de Goberno da Federación Galega de Béisbol e Sófbol.

TÍTULO 1: NORMATIVAS DE AFILIACIÓN NA FEGABESOF.

A. NORMAS PARA A INSCRIPCIÓN DOS CLUBES Á FEDERACIÓN GALEGA DE BÉISBOL E SÓFBOL.

- I. Presentación do Formulario de Inscripción totalmente cumprimentado ([Anexo A.1](#))
- II. Pago e presentación do Xustificante de pago.
- III. Prazos de presentación de toda a documentación: 15/12/2008.
- IV. Medios de presentación de toda a documentación:
 - IV.1. Vía mail: info@fegabe.com
 - IV.2. Vía Fax: 981294016
 - IV.3. Vía correo: Federación Galega de Béisbol e Sófbol. Av. De Glasgow, Nº13. CP: 15008. A Coruña.
- V. Formas de pago.
 - V.1. Ingreso en Efectivo.
 - V.2. Transferencia Bancaria.

FORMA DE PAGO:

**Ingreso o Transferencia Bancaria en la
Conta:**

2091 0012 18 3040031015

- **Concepto: Inscripción Club**
- **Beneficiario: FEGABESOF.**

B. NORMAS PARA A INSCRIPCIÓN DOS CLUBES NAS COMPETICIÓN ORGANIZADAS POLA FEDERACIÓN GALEGA DE BÉISBOL E SÓFBOL.

- I. Presentación do Formulario de Inscripción totalmente cumprimentado ([Anexo B.1](#))
- II. Pago e presentación do Xustificante de pago.
- III. Pago e presentación do Xustificante de Aval por importe de 900€, para garantir o cumprimento das Presentes Bases.
- IV. Prazos de presentación de toda a documentación: a determinar.
- V. Medios de presentación de toda a documentación:
 - IV.4. Vía mail: info@fegabe.com
 - IV.5. Vía Fax: 981294016
 - IV.6. Vía correo: Federación Galega de Béisbol e Sófbol. Av. De Glasgow, N°13. CP: 15008. A Coruña.
- V. Formas de pago.
 - V.3. Ingreso en Efectivo.
 - V.4. Transferencia Bancaria.

FORMA DE PAGO:

**Ingreso o Transferencia Bancaria en la Conta:
2091 0012 18 3040031015**

- **Concepto: Inscripción en Competicións do Club**
- **Beneficiario: FEGABESOF.**

C. NORMAS PARA A AFILIACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS NA FEGABESOF.

C.I. PARA RENOVACIÓN DE LICENCIAS: Presentación, dentro dos prazos fixados pola Xunta Directiva, dos seguintes documentos totalmente cumprimentados:

- Formulario de Afiliación Xogadores/as coa súa correspondente fotografía. ([Anexo CI](#))
- 1 Fotocopia do DNI ou Pasaporte.

- Fotocopia do xustificante de pago da Licencia segundo as tarifas para a tempada.
- Fotocopia do DNI do PAI/NAI, no seu defecto, fotocopia do documento oficial que acredita a titoría do TUTOR, así como fotocopia do DNI do TUTOR.

C.II. PARA NOVAS LICENCIAS: Presentación, dentro de los prazos fixados pola Xunta Directiva, dos seguintes documentos totalmente cumprimentados:

- Formulario de Afiliación Xogadores/as coa súa correspondente fotografía.
- 1 Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
- Fotocopia do xustificante de pago da Licencia segundo as tarifas para a tempada.(Anexo 1)
- Fotocopia do DNI do PAI/NAI, no seu defecto, fotocopia do documento oficial que acredita a titoría do TUTOR, así como fotocopia do DNI do TUTOR.
- 1 Fotografía adicional, tamaño carné para a realización do carné de afiliado.

C.III. AVISOS IMPORTANTES:

C.III.1. Non se tramitarán as Licencias de aqueles xogadores/as que non presenten algún dos documentos anteriormente citados, ou deixen campos sen cubrir no Formulario de Afiliación.

C.III.2. Cando haxa que rectificar a nacionalidade de calquera afiliado, farase a través do formulario propio para dita función, que se atopa dispoñible a través da páxina web da FEDERACIÓN (www.fegabe.com), así como nas oficinas da mesma.

C.III.3. A FEGABESOF comprométese a responder no prazo máximo dunha semana ós clubs que teñan datos incompletos ou lles falte documentación.

C.III.4. É responsabilidade del club coñecer e no seu defecto solicitar dentro dos prazos pertinentes a información necesaria para afiliar ós seus xogadores/as.

TÍTULO 2: COMPETICIÓN OFICIAIS.

A. COMPETICIÓN OFICIAIS INDOOR E CATEGORÍAS.

1. COMPETICIÓN OFICIAIS ORGANIZADAS POLA FEGABESOF:

- 1.1 Liga Galega de Sófbol Indoor.
- 1.2 Copa Galicia de Sófbol Indoor.

2 CATEGORÍAS E IDADES EN SÓFBOL:

- 3.1 Veteranos: Nados no 1989 e anteriores.
- 3.2 Senior: Nados no 1989 e anteriores.
- 3.3 Xuvenil: Nados entre 1990 e 1992.
- 3.4 Cadete: Nados entre 1993 e 1995
- 3.5 Infantil: Nados entre 1996 e 1999.
- 3.6 Alevín: Nados no 2000 e anteriores.

B. SOBRE OS CLUBES E XOGADORES.

1. REQUISITOS PARA OS CLUBES.

1.1 Poderán participar tódolos clubs de Béisbol e Sófbol que se inscribiron na Fegabesof, e que se atopan ó corrente das súas obrigacións económicas e que cumpran cos requisitos materiais e formais esixidos nestas Bases de Competición e nos Estatutos desta Federación.

1.2 Todo club Afiliado á FEGABESOF poderá optar libremente polo nome que desexe, coas limitación previstas na lexislación vixente, excepto os que se refiren ós nome "Federación Galega de Béisbol e Sófbol", FEGABE, Liga Galega de Béisbol, Copa Galicia de Béisbol, Comisión Delgada, Comité de Competición.

1.3 O equipo local é o responsable do orde público dentro do recinto no que se atope ubicado o terreo de xogo, antes, durante e despois de cada encontro.

2. REQUISITOS PARA OS MEMBROS DO CLUBE.

2.1 **Mínimo 10 licencias mixtas**, as cales deberán ser de categoría infantil e alevín en competición infantil, e cadete e infantil

na competición cadete. Todo xogador que firme unha licencia a favor dun club comprométese a aceptar por enteiro a disciplina do mesmo, baixo a xurisdicción da FEGABESOF e queda obrigado a xogar nel durante o prazo de validez da licencia asinada.

2.2 As 10 Licencias obrigatorias mínimas deben obrar en poder da FEGABESOF 7 días naturais antes do comezo da Competición

2.3 O equipo local designará, para cada encontro, un **Delegado de Campo** (recoméndase que este en posesión de licencia federativa) que efectuará as seguintes funcións: montaxe do campo (marcar os caixóns, colocar banquillos, marcar e colocalas bases).

2.4 **Para que un xogador poida ser alineado** axeitadamente por un clube, na Liga Galega de Béisbol categoría infantil, deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que o xogador este inscrito regramentariamente e en posesión da licencia federativa tramitada pola FEGABESOF a favor do clube que o alínea.

b) Que o xogador non se atope suxeito a sanción federativa que o inhabilite para xogar

c) Que o xogador non se atope inmerso en ningunha causa de restricción ou limitación prevista neste regramento ou outras normas federativas.

d) Calquera xogador poderá formalizar unha licencia a favor dun club determinado, coas limitacións expostas neste regramento, distinto ó que pertenceu na tempada anterior, sempre que se atope libre de calquera compromiso regramentario co seu club de procedencia. No caso de que dito clube probe documentalmente a existencia dalgún compromiso regramentario, poderá poñelo en coñecemento da FEGABESOF, que resolverá en consecuencia, seguindo o seu criterio, sen que proceda recurso algún contra a mesma.

g) Para que un xogador poida ser alineado nunha xornada, a súa solicitude de licencia deberá obrar no poder da FEGABESOF antes das 21:00 do mércores desa semana de competición.

h) Un xogador incluído na relación de participantes dun equipo nunha competición oficial, que non houbera sido alineado (entendéndose como tal a súa intervención no xogo), poderá fichar na mesma tempada por outro equipo.

i) Un equipo poderá alinear (entendéndose como tal a intervención no xogo) tódolos xogadores estranxeiros que desexe nas competicións infantís e cadetes. Por outra banda, na competición infantil un equipo poderá alinear no partido un máximo de dous xogadores cadetes sempre que participen no outfield e se atopen nas derradeiras posicións ó bate (7º e 8º). Do mesmo xeito, un equipo cadete poderá alinear un máximo de dúas xogadoras xuvenís sempre

que participen no outfield e se atopen nas derradeiras posicións ó bate (7º e 8º)

2.5 Os equipos deberán presentalas súas alineacións ó anotador cunha antelación mínima de 15 minutos antes da hora oficial de comezo do encontro.

2.6 Ó inicio do encontro figurarán no “**line up**” solo aqueles xogadores que se atopen nese intre presentes no terreo de xogo. A partir dese momento, para incorporar novos xogadores solicitarase o visto e prace do equipo rival, e o anotador ou o árbitro principal comprobarán a documentación (licencia) de dito xogador. Os árbitros e anotadores teñen a obriga de comprobar que os xogadores que figuran no “line up” son os que se atopan no terreo de xogo.

2.7 O adestrador é o responsable de dalos **cambios de posición ou substitucións** de xogadores ó árbitro principal e ó anotador. Ademais, deberán notificarse ditos cambios de posición ou substitucións ó anotador.

2.8 **Os clubs** serán totalmente solidarios na responsabilidade de cantas falsidades poidan figurar nas licencias dos seus xogadores, en canto ós seus datos persoais, aínda cando ditas licencias fosen legalizadas e rexistradas pola FEGABESOF.

2.9 **Técnicos:** Mínimo dunha licencia expedida pola RFEBs, ou no seu defecto, duna autorización expresa da mesma.

C. SOBRE A FÓRMULA DE COMPETICIÓN E A NORMATIVA ESPECÍFICA.

1. ORGANIZACIÓN E SEGUIMIENTO:

1.1 **O Presidente** da Liga Galega de Béisbol, categoría Infantil, será o Presidente da Federación Galega de Béisbol e Sófbol (FEGABESOF).

1.2 **A Sede Oficial** da Comisión Delegada situarase na oficina da FEGABESOF: Avenida de Glasgow s/n, 15008, A Coruña. Teléfono: 981295491. Fax: 981294016. Debendo dirixirse á mesma tódolos asuntos relacionados coa Liga Galega de Béisbol categoría Infantil.

1.3 **A Organización e control da Competición** corresponde á FEGABESOF.

1.4 Para cada encontro dunha xornada, a FEGABESOF poderá designar un **Comisario Técnico** que actuará coma representante da Federación en dito encontro. Naqueles casos nos que non designe Comisario Técnico, asumirá as funcións o árbitro principal.

1.5 O Comisario Técnico é o máximo responsable do cumprimento e a correcta aplicación dos Regramentos e do sinalado nestas Bases de Competición.

1.6 O Comisario Técnico recibirá do árbitro principal e do Anotador oficial, ó remate do encontro, a Acta orixinal e a folla de Anotación que deberá remitir de inmediato (por correo urxente ou entregándoo persoalmente), xunto co seu informe á Comisión Delegada.

1.7 **Os gastos** ocasionados polos desprazamentos dos Comisarios Técnicos e do persoal administrativo será por conta da FEGABESOF.

1.8 **O equipo local** será sempre o que xogue en casa figurando en primeiro lugar no Calendario oficial.

1.9 **O equipo visitante** será sempre o que xogue fora da casa figurando en segundo lugar no Calendario oficial.

2. FÓRMULA DE COMPETICIÓN:

2.1 **A fórmula de Competición** é coma segue:

a) Xogarase en tantas sedes coma equipos inscritos, e o que remate en primeiro lugar na clasificación será o campión da competición. Por exemplo:

1ª Sede	2ª Sede	3ª Sede
Equipo A & Equipo B	Equipo B & Equipo A	Equipo C & Equipo A
Equipo A & Equipo C	Equipo B & Equipo C	Equipo C & Equipo B

Clasificación					
	PJ	PG	PE	PP	AVE
Equipo A					
Equipo B					
Equipo C					

b) No caso de que dos tres equipos dous sexan da mesma provincia (A e B) o formato será coma segue:

1ª Sede	2ª Sede	3ª Sede
Equipo A & Equipo C	Equipo C & Equipo A	Equipo A & Equipo B
Equipo B & Equipo C	Equipo C & Equipo B	Equipo B & Equipo A

2.2 **En caso de empate** entre dous ou máis equipos, considérase o resultado particular (solo victorias) entre eles, descartando deste xeito ó resto de equipos.

2.3 Se persistise o empate tras aplicalo previsto no artigo 2.3, do apartado C, do Título II, establecerase a clasificación definitiva seguindo os seguintes criterios:

- a) Número de carreiras a favor.
- b) Número de carreiras en contra.
- c) O promedio máis alto de bateo nos partidos xogados entre os equipos empatados.
- d) Sorteo a cara ou cruz.

2.4 Ningún encontro pode finalizar empatado. Para iso, xogaranse tantas entradas adicionais coma sexa preciso para desfacelo empate.

2.5 **Adaptacións do sófbol á práctica nun recinto pechado:**

✚ Xogan 8 xogadores/as porque non existe a posición de rightfield.

✚ Calquera bola bateada que golpe na parede, no teito ou en calquera parte sobresaínte do pavillón segue en xogo, sempre é cando o contacto se produza dentro do terreo de xogo (Ver Apartado D, punto 2, artigo 2.1).

✚ Se o defensor captura a bola despois de tocar na parede, no teito ou en calquera parte sobresaínte do pavillón, e antes de tocalo chan considérase collida de "fly" e, polo tanto, out.

✚ Unha bola bateada que golpea directamente na parede do leftfield considérase home run.

✚ Unha bola bateada que golpea directamente na parede do centerfield, no teito ou en calquera parte sobresaínte do pavillón e toca o chan segue en xogo.

2.6 **Normas Específicas CADETES:**

✚ Xogase con Lanzador (será un monitor do equipo ó bate) que se situará na Goma do Pitcher, dentro do círculo, e executará o lanzamento de moliño, por debaixo do brazo.

✚ O resto de normas son as propias do sófbol.

2.7 Normas Específicas con "BATING TEE"-INFANTIL:

✚ Xogarse con "Bating Tee", situado detrás do home plate (*Ver Apartado D, punto 2, Artigo 2.7*), polo tanto a posición de lanzador terá as mesmas funcións que o resto de xogadores do infield.

✚ O receptor será o encargado de colocala pelota no soporte de Bateo.

✚ A situación do Bating Tee detrás do home plate implica que será o home de diante o que haberá que pisar ou tocar nas diferentes situacións de xogo. O Bating Tee considérase un simple soporte e polo tanto as xogadas en home deben excluílo.

✚ Nas tres primeiras entradas batean os oito xogadores/as co seguinte orde:

- Na primeira entrada comeza bateando o primeiro xogador do orde ó bate (batean do 1 ó 8).
- Na segunda entrada comeza bateando o cuarto xogador do orde ó bate (batean do 4 ó 3).
- Na terceira entrada comeza bateando o sétimo xogador do orde ó bate (batean do 7 ó 6).

✚ Cando o noveno bateador destas tres entradas comparece ó bate, enténdese que hai dous eliminados. Co terceiro eliminado cambian os equipos á defensiva e á ofensiva.

✚ Se unha vez completado o turno ó bate do oitavo bateador a bola quedase morta pola aplicación das normas de xogo, concederase ós corredores as bases ás que teñan dereito e despois darase por finalizada a entrada.

✚ En calquera caso, cando o noveno bateador finaliza o seu turno darase por finalizada a entrada, aínda que so houbese dous outs.

✚ Nas seguintes entradas (4ª, 5ª, 6ª, e adicionais) batean ata que haxa tres eliminados ou se anoten cinco carreiras.

✚ Considerase strike cando: o bateador/a fai swing sen golpear nin pelota nin bating tee, a bola sae de foul ball, o bateador/a golpea o Batingtee a percepción do árbitro principal.

✚ Considérase foul ball cando: o bola golpeada polo bateador no swing sae fora do campo, e cando o bateador golpea o bating tee no seu swing.

✚ Despois de segundo strike, permitíranse un máximo de dous foul balls.

✚ Non está permitido o toque de bola nin o roubo de base. Se un corredor sae da base antes de que o bateador golpee a bola estará eliminado. Os corredores, polo tanto, so poderán avanzar en bases despois dun batazo ou dun tiro con error.

3. DURACIÓN E TEMPO NOS ENCONTROS:

3.1 Tódolos encontros de categoría infantil e cadete de sófbol indoor **xogaranse a seis entradas ou a hora e media.**

3.2 Todo partido darase por finalizado pasada hora e media, salvo no caso de que o equipo local (home club) leve vantaxe no marcador ó iniciarse o peche da entrada. En ningún caso iniciárase a seguinte entrada cando falten 10 minutos para a finalización do tempo regulamentario.

3.3 Ningún encontro pode rematar empatado, polo que se superan as seis entradas ou a hora e media de xogo, disputárase un Desempate- Morte súbita- Tie Breaker. (*Ver artigo 3.5*)

3.4 Seguirase a "Regra de vantaxe de carreiras", na que darase por finalizado o encontro se hai unha diferenza de 15 carreiras ó finalizala 3ª entrada, ou de 19 na 4ª, ou de 23 na 5ª.

3.5 **Tie breaker:** Se un encontro remate empatado despois das seis entradas ou da hora e media de xogo, procederáse coma segue: Sitúase no bate o xogador que segue despois do último turno, na segunda base o xogador anterior no orde o bate, e xógase con un out. Despois de tres outs ou cinco carreiras cambian os equipos a ofensiva e á defensiva e procédese do mesmo xeito.

3.6 **Normas obrigatorias para acelerar os encontros:**

a) Os xogadores, adestradores e guías, deberán entrar e saír do terreo de xogo correndo. Á primeira transgresión, o adestrador será advertido verbalmente polo árbitro principal. Na segunda vez será amoestado oficialmente e á terceira vez será expulsado do terreo de xogo, non podendo permanecer no banquillo (dogout).

b) O cambio de posición no campo entre os equipos á ofensiva e á defensiva, levarase a cabo nun tempo máximo de sesenta segundos. Pasado ese tempo, o árbitro principal tomará posición detrás do pitcherr disposto a reanudalo encontro inmediatamente.

c) Se dez segundos despois do tempo límite para o cambio de posición no campo (sesenta segundos) despois da última eliminación da fase precedente, o equipo á defensiva está preparado pero o bateador no tomou posición no caixón de bateo, o árbitro principal indicará o primeiro strike. Cando nos dez segundos sucesivos seguintes a esta decisión, o bateador no tomara posición no caixón, indicará o segundo strike. Á terceira vez sucesiva, indicará o terceiro strike e o bateador será eliminado.

d) Cando, tanto o equipo á defensiva como o bateador no estean a punto para reanudalo xogo, despois do tempo límite de sesenta segundos dende a última eliminación da fase precedente, a primeira vez o árbitro principal advertirá verbalmente ós adestradores dos equipos. A segunda vez, os amoestará oficialmente, e

a terceira vez os expulsará do terreo de xogo, non podendo permanecer no banquillo (dogout).

e) O bateador debe permanecer no caixón de bateo ó menos que pida "Tempo", e o árbitro crea que a petición é razoable. Só neste caso o árbitro concederá tempo.

f) Cando un bateador batea un "home run", os membros do equipo non poderán tocalo bateador ata despois de que cruce o "home plate". O incumprimento desta regra suporá un aviso, e se este feito repítese, o bateador será eliminado.

g) Ós equipos se lles permitirá un máximo de tres "Reunións ofensivas" e outras tres "Reunións defensivas" por partido. Estas prodúcense cando un adestrador demora o partido por calquera período de tempo para falar cun xogador baixo a cuberta indo ó "home plate", ou para falar con outro adestrador. Se o partido alárgase con entradas extras, permitirase unha Reunión ofensiva e outra defensiva adicional por cada tres entradas extras.

h) Reitérase ós árbitros a obriga de cumprir escrupulosamente o disposto nestas Bases Xerais de Competición, referentes á aceleración da duración dos encontros.

i) Os árbitros deberá impedilo atraso inxustificado no desenrolo do xogo, causado pola infracción dun defensor ó devolvela pelota ó receptor ou por algún diálogo entre eles. Á primeira infracción o defensor será advertido verbalmente, á segunda vez será amoestado oficialmente, e a terceira vez será expulsado do terreo de xogo.

j) Para reemprendelo xogo, despois dun batazo "foul ball" ou despois de que a pelota saia do terreo de xogo, o árbitro principal imporá o uso unha pelota das que obran no seu poder, evitando que sexa inmediatamente empregada a pelota que saíu de "foul ball" ou que saíu do terreo de xogo.

k) Un encontro no poderá interromperse por tempo superior a tres minutos por causa de lesión dun xogador que este no xogo. Pasado este prazo de tempo, o xogador deberá ser cambiado por outro. Calquera simulación de lesión por parte dun xogador, suporá a inmediata expulsión deste.

4. CREACIÓN E MODIFICACIÓN DO CALENDARIO:

4.1 A Comisión Delegada da FEGABESOF poderá **modificar o calendario**, cando as circunstancias así o xustifiquen.

4.2 Tódolos encontros deben xogarse nas datas sinaladas no calendario oficial, o cal non poderá alterarse salvo por casos de forza maior e excepción de carácter xeral acordada ó aprobarse ou modificarse este.

4.3 Non se poden **aprazar encontros** previstos no calendario oficial, salvo en casos de forza maior (*ver artigo 4.11 deste punto*), previa autorización da FEGABESOF, que deberá recibila solicitude por escrito antes do mércores da semana do partido ás 21.00 horas. Dita solicitude ([Anexo 2](#)) debe conter a aceptación do cambio por parte dos equipos contrarios e unha proposta de nova data e horario para os encontros, sen que ditos cambios afecten de ningún xeito ó Calendario establecido. No caso de que as partes no se puxeran de acordo, será a FEGABESOF a que sinale o día e hora do encontro a disputar sen posibilidade de facer ningún cambio.

4.4 Se na xornada a aprazar participaran máis de dous equipos, o club solicitante do aprazamento deberá presentar tantos formularios como equipos implicados no cambio.

4.5 A FEGABESOF terá a competencia para aprazar ou suspender calquera encontro, variar a súa hora de comezo ou aprazar ou suspender parcial ou definitivamente a propia competición en calquera intre, cando as circunstancias así o aconsellen, para velar polo bo funcionamento da mesma ou para evitar maiores prexuízos.

4.6 **Os Casos de forza maior** e excepción de carácter xeral son os seguintes:

a) Non disposición da instalación por parte do club local por mor dunha circunstancia allea a súa vontade. Neste caso será imprescindible a presentación na FEGABESOF dun certificado da Autoridade Competente conforme dito club non dispón na data e horario marcado polo calendario o terreo de xogo, e o motivo de tal circunstancia.

4.7 Unha vez establecido o calendario da competición enténdese contraída a obriga de cumprilo mesmo por parte de tódolos Clubs inscritos.

4.8 Pasados cinco minutos (se o equipo non presentado é da mesma provincia) ou quince minutos (se o equipo é doutra provincia) da hora oficial sinalada para o comezo do encontro, o árbitro principal declarará **Forfeit** ó equipo que non se atope no terreo de xogo nas condicións reglamentarias (*ver Apartado E: Sobre o Material de xogo e a uniformidade*) para dar comezo o partido e perderá o encontro por 5 a 0.

4.9 Se un equipo preséntase a xogar despois de que ó árbitro houbera declarado Forfeit, pero antes de que o equipo contrario e os propios árbitros houbesen abandonado o terreo de xogo, o encontro xogárase se as razóns do retraso enmárcanse dentro dos seguintes casos:

a) Retrasos nos horarios de Transportes públicos. Deberá presentarse ó árbitro principal o certificado firmado e selado pola compañía de Transporte conforme produciuse dito retraso.

b) Retrasos motivados por un accidente (non avaría) dun vehículo particular ou de aluguer, ou por accidente ou avaría dun autobús de servicio discrecional. Tamén neste caso deberán presentar ó árbitro principal un certificado da autoridade competente (Garda civil de tráfico, etc.).

5. PRÁCTICAS DE QUENTAMENTO:

5.1 **Práctica de cadro:** O equipo local disporá do terreo de xogo durante 10 minutos, dende 20 minutos ata 10 minutos antes da hora oficial de comezo do encontro. O equipo visitante disporá igualmente de 10 minutos, dende 10 minutos ata a hora oficial de comezo do encontro.

5.2 No caso de que se disputen varios encontros seguidos, haberá alomenos vinte minutos entre partidos para que os equipos poidan organizalos seus quentamentos.

5.3 Co obxectivo de que o encontro se inicie co menor retraso posible sobre a hora oficial poderanse eliminar as prácticas de cadro, a decisión do árbitro principal.

5.4 En ningún caso retardarase ou variará o horario das prácticas de quentamento por ausencia ou retraso de calquera dos equipos participantes que, por dito motivo, perderan o seu dereito ás prácticas previstas dentro do horario desaproveitado.

D. SOBRE O CAMPO E AS INSTALACIÓNS DE XOGO.

1. DOGOUT.

1.1 O equipo local situará o seu dogout á altura da 3ª Base. O equipo visitante o fará a altura da 1ª Base. Marcarase claramente a zona onde está situado o banquiño de xogadores.

1.2 Os Dogouts deberán conter a lo menos un banco para os equipos.

1.3 Sómente poderá permanecer no dogout os titulares de licencia en vixencia, expedida pola FEGABESOF: xogadores, técnicos, delegados, e auxiliares, do equipo que deba empregalo mesmo.

encontro, así como do seu arranxo durante o mesmo, a requirimento do árbitro principal ou do equipo visitante. (Ver sanción 2.2)

2.5 Se as bases son de espuma non é obrigatorio que se atopen pegadas no chan, pero si é necesario que a zona onde se ubican estea marcada con cinta.

2.6 Recoméndase empregalas bases e o home plano que deberán estar pegadas (con cinta) no chan

2.7 O Bating Tee sitúase fora do campo, detrás do Home plate.

2.8 É obrigatorio marcalos caixóns (con cinta de cor) e ubicalo campo aproveitando as liñas doutros deportes, sempre que cumpran as distancias mínimas.

2.9 É obrigatorio ter bancos para que se senten os equipos nos Dogouts.

E. SOBRE O MATERIAL DE XOGO E A UNIFORMIDADE.

1. MATERIAL DE XOGO:

1.1 A Pelota de xogo oficial será a "Benson VSPB11Y/12Y" (A de 12 pulgadas para cadetes, e a de 11 pulgadas para infantís) e será cedida pola FEGABESOF para esta competición.

1.2 Autorízase o uso de bates metálicos habituais no comercio e de marcas coñecidas, con expresa prohibición da manipulación de bates. Calquera alteración dun bate suporá a perda do encontro por parte do equipo que o empregou, aínda que non sexa este o responsable da manipulación.

1.3 Os árbitros retirarán do xogo os bates que resulten alterados polo seu uso, que estean rotos, dobrados, curvados, etc.

1.4 O adestrador é o responsable do material de xogo do seu equipo, que deberá atoparse en todo momento no interior do Dogout.

1.5 É obrigatorio que o Bateador e os xogadores corredores en bases, empreguen o casco protector.

1.6 Os xogadores deberán empregar "coquilla" de protección. Se ben este elemento non é obrigatorio recoméndase moi encarecidamente o seu uso.

1.7 Os Receptores deberán empregar obrigatoriamente tódolos seus elementos protectores: careta, peto, chingalas e casco protector.

2. UNIFORMIDADE:

2.1 En tódolos encontros recoméndase que os participantes vaian uniformados como segue: Camiseta do mesmo cor con dorsal na espalda.

2.2 O uniforme de xogo empregado polos equipos poderá variar durante a competición, debendo indicarse o que se empregará nos partidos como local, e nos partidos fora da casa na correspondente folla de Inscripción do Club nas Competicións e se houberse modificación a través dunha carta á FEGABESOF.

2.3 Os equipos deben incluír no orde ó bate de cada encontro o número de uniforme ou dorsal de tódolos xogadores, que non poderá variar nos encontros da mesma xornada, así como a posición no terreo de xogo, o número de licencia, o nome, e o primeiro apelido.

F. SOBRE A ARBITRAXE E A ANOTACIÓN.

1. A ARBITRAXE:

1.1 Tódolos encontros das Competicións oficiais de sófbol indoor de categoría infantil e cadete, serán dirixidos por un árbitro designado polo COGAB.

1.2 Aínda sendo competencia do COGAB o nomeamento dos árbitros e a designación dos postos que deberán ocupar en cada encontro, a Comisión Delegada establecerá cada tempada os criterios xerais a seguir para a súa designación nesa competición, tendo en conta o número e ubicación xeográfica dos equipos participantes, número de árbitros en cada provincia con Clubs inscritos na Competición, etc.

1.3 Os Árbitros deberán cumprir e facer cumprir estrictamente todo o previsto nestas Bases Xerais de Competición.

1.4 Os poderes do Árbitro comezan no intre de chegar ás instalación onde se atopa o terreo de xogo, e non rematan ata que as

abandona, conservándoas, por tanto, durante as interrupcións e suspensións, se as houbera.

1.5 Os árbitros gardarán ós directivos, adestradores, delegados, xogadores e auxiliares, a consideración e respecto acorde a súa autoridade. Por ningunha causa nin pretexto, os árbitros poderán dirixirse ó público.

1.6 O Árbitro principal será o responsable de cubrir de maneira exacta e completa a Acta de cada encontro. O orixinal deberá ser entregado durante a semana seguinte na Oficina da FEGABESOF.

1.7 Na acta oficial, no apartado de amonestacións, expulsión e observacións, escribirá as posibles infraccións por parte dalgún afiliado á FEGABESOF, e será o encargado de remitila acta orixinal durante a semana seguinte na oficina da FEGABESOF.

1.8 É obrigatorio en cada encontro a comprobación da identidade dos participantes por medio da seguinte documentación: Ficha carné elaborado pola FEGABESOF, Documento Nacional de identidade, Pasaporte, Carné de Conducir (só en caso de españois), Tarxeta de Identidade ou Residencia. Tamén estará permitida una fotocopia compulsada de calquera dos documentos anteriores.

1.9 Se carece de calquera deste documentos, o participante só será autorizado a intervir no encontro se é persoalmente recoñecido ou identificado polo Comisario Técnico ou por un dos árbitros do mesmo. Neste caso, farase constar na Acta Oficial do Encontro dita situación coa firma do interesado.

1.10 O árbitro principal ou o anotador (se o houbera), poderá, se considera convinte, retelos documentos identificativos durante o encontro, devolvéndoo en calquera caso ó finalizalo mesmo.

2. A ANOTACIÓN:

2.1 O Club Local será o encargado en cada encontro de presentar unha persoa voluntaria (recoméndase que teña Licencia Federativa en vixencia) para facela anotación do encontro.

2.2 Os anotadores deberán cumprir e facer cumprir estrictamente todo o previsto nestas Bases Xerais de Competición.

2.3 Os Anotadores gardarán ós directivos, adestradores, delegados, xogadores e auxiliares, a consideración e respecto acorde a

súa función. Por ningunha causa nin pretexto, os anotadores poderán dirixirse ó público.

G. SOBRE O RÉXIME DISCIPLINARIO.

1. ÓRGANOS DISCIPLINARIOS.

1.1 **O Comité de Competición** das Competicións oficiais estará constituído por un Xuíz único nomeado pola Xunta Directiva da FEGABESOF.

1.2 **O Xuíz Único** terá tódalas atribucións e dereitos que se establecen nestas Bases Xerais de Competición e no Regramento de Réxime Disciplinario, e atenderá a tódolos feitos que se produzan antes, durante e despois dos encontros, en relación cos mesmos e por aplicación do disposto nas Regras Oficiais de Xogo, nestas Bases Xerais de Competición e no Regramento de Réxime Disciplinario.

1.3 O Xuíz único emitirá os seus fallos en función do contido das Actas dos Encontros, dos informes dos Comisarios Técnicos, Árbitros oficiais, Delegados, equipos (cando proceda), e Comisión Delegada, podendo ter en conta ademais todos aqueles aspectos que considere relevantes según as circunstancias de cada caso. O Xuíz Único poderá actuar de oficio ou a instancia de parte.

1.4 A Acta do encontro, ademais dos informes dos equipos e Árbitros consideraranse a estes efectos, a providencia de apertura de expediente sancionador, tendo un prazo de DOUS DÍAS HÁBILES, contados dende a data da mesma, para facer chegar ó Xuíz Único (por medio da FEGABESOF), as alegacións que estime oportunas para defender os seus intereses.

1.5 Os fallos do Xuíz Único serán comunicados inmediatamente ás partes interesadas e terán efecto executivo, é dicir, de obrigada aplicación, sen prexuízo dos recursos que puideran derivarse dos mesmos.

1.6 Contra os fallos do Xuíz Único poderán recurrirse ante **o Comité de Apelación** da FEGABESOF, nomeado ó efecto pola Xunta Directiva da FEGABESOF.

1.7 O Procedemento a seguir nos recursos ante o Comité de Apelación da FEGABESOF, é o mesmo e contén os mesmos prazos que o sinalado para os Recursos ante o Xuíz Único (*artigos 1.3, 1.4, e 1.5*).

1.8 Contra os fallos do Comité de Apelación da FEGABESOF, poderá recurrirse ante o **Comité Galego de Disciplina Deportiva** da Xunta de Galicia.

2. SANCÍONS.

2.1 Sen prexuízo das sancións que poidan aplicarse de conformidade co Regramento de Réxime Disciplinario da FEGABESOF, os participantes que sexan expulsado polos árbitros, por calquera motivo que non sexa a dobre amonestación, non poderán participar na seguinte xornada.

2.2 Se un equipo incumpre calquera das normas referentes ó terreo de xogo e ó dogout suporá unha sanción de 12€, que deberá ingresar na conta da FEGABESOF antes da seguinte xornada. Para que dita sanción se leve a cabo deberá ser reflexada polo árbitro principal na acta oficial.

H. SOBRE OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN, PATROCINADORES E PUBLICIDADE.

1. MEDIOS DE COMUNICACIÓN:

1.1 Pola importancia que teñen as competicións galegas de béisbol en si mesmas, e polo interese adicional que supón para difundilo Béisbol e Sófbol entre o público en xeral, a FEGABESOF coidará moi especialmente a información relativas ás competicións, facilitando ós Medios de Comunicación, toda a documentación que se precise.

1.2 Recoméndase ós equipos participantes que presten ós Medios de Comunicación a maior atención posible, en beneficio común, facilitando ademais á FEGABESOF, canta información consideren de interese para difundila publicamente.

2. PATROCINADORES E PUBLICIDADE:

2.1 Os equipos participantes nas Competicións Oficiais organizadas pola FEGABESOF, poderán estar directamente patrocinados por un ou varios Patrocinadores, tendo en conta as seguintes condicións:

a) Cada equipo participante poderá empregar, ademais do nome do Clube ó que pertence, a maiores ou incluso substituindo a aquel, un nome ou marca publicitaria.

b) Autorízase a publicidade nos uniformes, que deberán corresponder ó nome ou marca publicitaria.

I. OUTROS.

1. En ningún caso, a FEGABESOF responsabilízase dos accidentes que, por calquera causa, puideran suceder ós participantes e/ou ós espectadores durante o transcurso da competición.

2. Todo o previsto nestas Bases de Competición ten prioridade sobre calquera outro Regramento.

3. A Comisión Delegada ten a máis ampla facultade para a interpretación destas bases e poderá, en caso de entendela necesario, dictalas normas complementarias que considere oportunas para o mellor desenrolo da competición.

4. A Inscripción nas Competicións Oficiais da FEGABESOF en categoría infantil e cadete supón a total aceptación destas Bases de Competición por parte dos participantes.

J. ANEXOS:

■ Anexo A1: Formulario de Inscripción dos Clubes á FEGABESOF.
■ Anexo B1: Formulario de Inscripción dos Clubes ás Competicións
■ Anexo C1: Formulario de Afiliación de Persoas Físicas
■ Anexo 1: Tarifas para a tempada 2009
■ Anexo 2: Formulario de Aprazamento de Encontros
■ Anexo 3: Formulario para a Modificación do Terreo de Xogo
■ Anexo 4: Formulario para o Cambio de Nome do Equipo

■ ANEXO A1.

A.1.FORMULARIO DE AFILIACIÓN DE CLUBES:

*NOME OFICIAL DO CLUBE:		
*DIRECCIÓN:		
*POBLACIÓN:	*PROVINCIA:	*CP:
*CIF:	*Nº REGISTRO XUNTA:	
*TELÉFONO 1	TELÉFONO 2:	
*FAX:	*MAIL:	
*UNIFORME:		
*TERRENO DE XOGO:		

*PRESIDENTE:	
*NIF:	*Nº LICENCIA:
*DIRECCIÓN:	
*POBLACIÓN:	*PROVINCIA:
*CP:	
*TELÉFONO 1:	TELÉFONO 2:
*FAX:	*MAIL:

*DELEGADO:	
*NIF:	*Nº LICENCIA:
*DIRECCIÓN:	
*POBLACIÓN:	*PROVINCIA:
*CP:	
*TELÉFONO 1:	TELÉFONO 2:
*FAX:	*MAIL:

*Firma Presidente:	*Selo do Clube:	*Firma Secretario:
---------------------------	------------------------	---------------------------

Data ____/_____/2008

**Os Campos con Asterisco son de obrigado cumprimento.*

■ ANEXO B1.

**B.1.FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN DOS CLUBES NAS
 COMPETICIÓNS:**

BÉISBOL						
Competicións	Senior		Xuvenil	Cadete	Infantil	Escola
	1ª	2ª				
Liga Galega						
Copa Galicia						


SÓFBOL					
Competicións	Senior	Xuvenil	Cadete	Infantil	Escola
Liga Galega					
Copa Galicia					

*Marque cun X as Competicións nas que o seu Clube desexa participar.

*Firma Presidente:	*Selo do Clube:	*Firma Secretario:
--------------------	-----------------	--------------------

Data ____/____/2008

■ ANEXO C1.



FORMULARIO DE AFILIACIÓN
TEMPADA 2009

CLUBE:		
NOME:		APELIDOS:
DATA NACEMENTO:		DNI-PAS:
DIRECCIÓN:		CP:
POBLACIÓN:		PROVINCIA:
PAIS NACEMENTO:		NACIONALIDADE:
TELÉFONO:		MAIL:
Nº DE LICENCIA:		TIPO DE LICENCIA:
Firma xogador/a:	Firma Pai/Nai/Titor e DNI:	Selo do clube:
Espacio FEGABESOF:		
Data Entrada:	Data Mutua:	Nº Relación:

De conformidade con lo establecido en la Ley Orgánica 15/1999 de Protección de datos de carácter personal, de 13 de diciembre, los datos por Vd. aportados serán incorporados al fichero “GESTIÓN DE AFILIADOS” del cual es responsable la FEDERACIÓN GALLEGA DE BEISBOL Y SOFBOL. La finalidad del citado fichero es la gestión de sus datos de afiliado para permitir un eficaz cumplimiento de nuestras funciones y actividad profesional.

Cuando el afiliado juegue en la liga Nacional, sus datos tendrán que ser cedidos a la FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE BEISBOL Y SOFBOL, con la misma finalidad.

Según el artículo 13 del R.D. 1720/2007, en el caso de que exista una recogida de datos de un menor de edad, el PADRE/MADRE O TUTOR que firma, declara que los datos facilitados de dicho menor de edad son verídicos, entregando una fotocopia del NIF del menor, y una fotocopia del NIF del PADRE/MADRE, así como una fotocopia del documento oficial que acredita la tutoría del menor por parte del TUTOR y fotocopia del DNI del mismo.

La FEDERACIÓN GALLEGA DE BEISBOL Y SOFBOL le garantiza tener establecidas las medidas de índole técnica y organizativas necesarias que garanticen la seguridad de los datos de carácter personal y eviten su alteración, pérdida, tratamiento o acceso no autorizado, habida cuenta del estado de la tecnología, la naturaleza de los datos y los riesgos a que estén expuestos, ya sea por acciones humanas o del medio físico o natural.

Vd. podrá en cualquier momento, ejercitar los derechos de acceso, oposición, rectificación y cancelación de sus datos dirigiendo una comunicación escrita a la atención del Responsable de Seguridad, Avda. Glasgow 13, 15008 La Coruña.

■ ANEXO 1.

TARIFAS 2009.

TÉCNICOS/DIRECTIVOS E OUTROS		
Tipo	Categoría	Importe
A*	Directivo	36€
A1*	Delegado	36€
A2*	Técnico Titulado	36€
A3	Técnico non Titulado	72€
	Árbitro	51€
	Anotador	36€

**As licencias con asterisco son obrigatorias en cada Clube.*

XOGADORES/AS			
Modalidade	Tipo	Categoría	Importe
BÉISBOL	B1*	Veteranos: Nados en 1990 e anteriores	20€
	B2	Senior: Nados en 1990 e anteriores	40€
	C	Xuvenil: Nados entre 1991 e 1993	33€
	D	Cadete: Nados en 1994 e 1995	24€
	E	Infantís: Nados en 1996 e 1997	19€
	F	Alevíns: Nados entre 1998 e 2000	18€
SÓFBOL	B1*	Veteranos: Nadas en 1989 e anteriores	20€
	B2	Senior: Nadas en 1989 e anteriores	40€
	C	Xuvenil: Nadas entre 1990 e 1992	33€
	D	Cadete: Nadas entre 1993 e 1995	24€
	E	Infantís: Nadas entre 1996 e 1999	19€
	F	Alevíns: Nadas no 2000	18€

**Tipo de Licencia B1: Crease para os adultos que participan en Torneos e Competicións non Oficiais.*

**Tipo de Licencia B2: Crease para os adultos que participan nas Competicións Oficiais (ver Título 2. Apartado A. Páxina 4).*

“Bases Xerais de Competición Indoor 2009”
Categoría Infantil e Cadete



DUPLICIDADES		
Tipo	Categoría	Importe
A-B	Directivo- Xogador Senior (1990 e anteriores)	61€
A-B1	Directivo- Xogador Veterano (1990 e anteriores)	41€
A1-B	Delegado- Xogador Senior (1990 e anteriores)	61€
A1-B1	Delegado- Xogador Veterano (1990 e anteriores)	41€
A2-B	Técnico Titulado- Xogador Senior (1990 e anteriores)	61€
A2-B1	Técnico Titulado- Xogador Veterano (1990 e anteriores)	41€
A3-B	Técnico non Titulado- Xogador Senior (1990 e anteriores)	92€
A3-B1	Técnico non Titulado- Xogador Veterano (1990 e anteriores)	72€

■ ANEXO 2.

FORMULARIO APRAZAMENTO ENCONTROS

Eu D/Dna como Presidente do Clube SOLICITO O CAMBIO do seguinte encontro por Casos de Forza Maior (Apartado C. Punto 4. Artigo 4.11- Bases Xerais de Competición):

Especifique o Caso de Forza Maior o que se refire:

***Adxunte a este Documento un certificado conforme o encontro non se pode disputar na data e horario establecido.**

XORNADA A CAMBIAR (Cadro 1)		
DATA	HORA	ENCONTRO
		_____ / _____



NOVA PROPOSTA (Cadro 2)		
DATA	HORA	ENCONTRO
		_____ / _____

Eu D/Dna como Presidente do Clube ACEPTO O CAMBIO da Xornada exposta no cadro 1, pola nova proposta do cadro 2.

Firma e Selo Clube Local:	Selo FEGABESOF:	Firma e Selo Clube Visitante
---------------------------	-----------------	------------------------------

■ ANEXO 4.

FORMULARIO PARA O CAMBIO DE NOME DO EQUIPO:

Eu D/Dna como Presidente do Clube SOLICITO O CAMBIO DE NOME DO EQUIPO nos termos e condicións seguintes:

<u>Nome Actual:</u>	<u>Cambio solicitado:</u>
----------------------------	----------------------------------

<u>Xustificación:</u>

➡ Será preciso axuntar Documentación que certifique a necesidade de dito cambio.

Presidente:	Selo do clube:
--------------------	-----------------------

A FEGABESOF, tendo en conta as Bases Xerais de Competición, así como as Regras Oficiais de Xogo, expón as seguintes conclusións:

€ ACEPTA O CAMBIO	€ NON ACEPTA O CAMBIO
-------------------	-----------------------

Presidente:	Selo da FEGABESOF:
--------------------	---------------------------